SUBGRUPO A2-TEMA 11-TRANSPARENCIA-GALEGO

TEMA 11- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

1. Segundo o establecido no artigo 1.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o obxecto desta lei é regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, e esta entenderase:
   a) Como a desenvolvida cun financiamento público, así como o acceso á información pública, tal e como se define no seu artigo 24.
   b) Como a desenvolvida cun financiamento público, así como o acceso á información pública, tal e como se define no seu artigo 14.
   c) Como a desenvolvida cun financiamento público, tal e como se define no seu artigo 14.

2. Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, entre os seus principios reitores atópase:
   a) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico.
   b) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.
   c) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.

3. De conformidade co establecido no artigo 4.1 e 4.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, están obrigadas a fornecer información á Administración:
   a) Todas as persoas físicas ou xurídicas, previstas no art. 3.1 desta lei.
   b) Todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos e as beneficiarias de subvencións.
   c) Todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos, exerzan potestades administrativas, as adxudicatarias de contratos e as beneficiarias de subvencións.

4. De conformidade co establecido no artigo 5.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o fomento da cultura da transparencia:
   a) A Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.
   b) A Xunta de Galicia fará público anualmente no seu Portal electrónico un informe aprobado pola Comisión de Información e Avaliación.
   c) A Xunta de Galicia fará público semestralmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.

5. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, tamén se publicará:
   a) A localización das unidades administrativas e horario de atención ao público e as axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e dos altos cargos.
   b) A localización das unidades administrativas, medios de contacto e horario de atención ao público, o plan estratéxico ou de goberno e as axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e dos altos cargos.
   c) A localización das unidades administrativas, medios de contacto e horario de atención ao público.

SUBGRUPO A2-TEMA 11-TRANSPARENCIA-GALEGO

6. De conformidade co establecido no artigo 8 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre as relacións coa cidadanía, facilitarase información sobre:

a) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía e os requisitos e condicións de acceso aos servizos públicos.
b) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía.
c) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía, os requisitos e condicións de acceso aos servizos públicos e as cartas de servizos aprobadas.

7. De conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de contratación pública, facilitarase información sobre:

a) Datos sobre os contratos subscritos, excluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
b) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores e os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
c) Datos sobre os contratos subscritos, incluídos os contratos menores.

8. De conformidade co establecido no artigo 23.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á reutilización da información:

a) O Catálogo de documentos reutilizables recollerá os recursos dispoñibles en calquera formato.
b) O Catálogo de documentos reutilizables recollerá os recursos dispoñibles en calquera formato e as súas condicións de acceso e de utilización.
c) O Catálogo de información reutilizable recollerá os recursos dispoñibles en formatos abertos e as súas condicións de actualización, de acceso e de utilización.

9. De conformidade co establecido no artigo 25.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación ao acceso da información pública:

a) Recoñécese o dereito ao acceso parcial da información, omitindo a información afectada pola limitación, agás que a información resultante sexa carente de sentido.
b) Recoñécese o dereito ao acceso parcial da información, en calquera caso.
c) Non se recoñece o dereito ao acceso parcial da información.

10. De conformidade co establecido no artigo 26.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á solicitude de acceso á información pública:

a) A persoa solicitante poderá non expoñer os motivos polos que solicita a información.
b) A persoa solicitante poderá expoñer os motivos polos que solicita a información e estes poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución.
c) A persoa solicitante poderá expoñer os motivos polos que solicita a información, pero non serán tidos en conta cando se dite a resolución.

11. De conformidade co establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á solicitude de acceso á información pública:

a) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
b) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.
c) A resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse no prazo máximo dun mes desde a solicitude.

SUBGRUPO A2-TEMA 11-TRANSPARENCIA-GALEGO

12. De conformidade co establecido no artigo 27.5 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á solicitude de acceso á información pública:

a) Logo de que transcorra o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi estimada.
b) Logo de que transcorra o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada.
c) Logo de que transcorra o prazo para resolver sen que se ditase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi estimada.

13. De conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao Portal de transparencia e goberno aberto, respectaranse os principios de:

a) Gratuidade, accesibilidade, interoperabilidade e reutilización.
b) Gratuidade, accesibilidade e reutilización.
c) Gratuidade, accesibilidade e interoperabilidade.

14. Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a Comisión da Transparencia:

a) Atribúenselle as funcións desta ao Valedor do Pobo.
b) Atribúenselle as funcións desta ao Consello da Xunta.
c) Atribúenselle as funcións desta ao titular da consellería de presidencia.

15. Segundo o establecido no artigo 33.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a Comisión da Transparencia:

a) Créase a Comisión da Transparencia como órgano dependente do Valedor do Pobo.
b) Créase a Comisión da Transparencia como órgano independente adscrito do Parlamento de Galicia.
c) Créase a Comisión da Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo.

16. Segundo o establecido no artigo 37.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o bo goberno, o contido das obrigacións deste título será de aplicación aos titulares de:

a) As secretarías xerais e direccións xerais.
b) As xefaturas de servizo.
c) As subdireccións xerais.

17. Segundo o establecido no artigo 38.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o bo goberno:

a) A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia por un alto cargo será voluntario.
b) A Xunta de Galicia fomentará a adhesión ao Código ético institucional polos altos cargos.
c) A adhesión ao Código ético institucional da Xunta de Galicia deberá figurar expresamente no acto de nomeamento do alto cargo.

SUBGRUPO A2-TEMA 11-TRANSPARENCIA-GALEGO

18. Segundo o establecido no artigo 39.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as actividades e incompatibilidades dos altos cargos:

a) En ningún caso se poderá percibir máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que correspondan.
b) En ningún caso se poderá percibir máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas, excepto nos supostos de compatibilidade autorizada.
c) En ningún caso se poderán percibir máis de dúas remuneracións con cargo aos orzamentos das administracións públicas, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que correspondan.

19. Segundo o establecido no artigo 42.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a compatibilidade de actividades privadas co exercicio dos altos cargos:

a) O exercicio dun alto cargo será incompatible coas actividades privadas.
b) O exercicio dun alto cargo será compatible con algunhas actividades privadas, sempre que co seu desenvolvemento non comprometa a imparcialidade ou independencia das súas funcións.
c) O exercicio dun alto cargo será compatible con toda actividade privada, sempre que co seu desenvolvemento non comprometa a imparcialidade ou independencia das súas funcións.

20. Segundo o establecido no artigo 43.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a compatibilidade de actividades privadas co exercicio dos altos cargos:

a) Os altos cargos non poderán ter, por si mesmos ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas superiores a un 30 % en empresas que teñan contratos de calquera natureza con calquera Administración pública.
b) Os altos cargos non poderán ter, por si mesmos ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas superiores a un 10 % en empresas que teñan contratos de calquera natureza con calquera Administración pública.
c) Os altos cargos non poderán ter, por si mesmos ou por persoa interposta, participacións directas ou indirectas en empresas que teñan contratos de calquera natureza con calquera Administración pública.

21. Segundo o establecido no artigo 45.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a compatibilidade de actividades privadas co exercicio dos altos cargos:

a) Durante os tres anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.
b) Durante os catro anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.
c) Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.

22. Segundo o establecido no artigo 48.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o órgano competente para a xestión do réxime de incompatibilidades dos altos cargos:

a) Denomínase Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia.
b) Denomínase Oficina de Incompatibilidades da Xunta de Galicia.
c) Denomínase Organismo de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia.